



PROXECTO DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE E HUMANIZACIÓN DE PRAZA E CAMIÑO DE A HERMIDA

A Ermida. 36872 COVELO, PONTEVEDRA

MARZO 2023

Documento refundido de proposta



dsñ
Estudio de arquitectura e urbanismo

Alcalde Asunsolo nº 5, 4º iz.
15007 A Coruña

www.estudiodsñ.com

Redactores do proxecto:

Aránzazu Paz López
Arquitecta COAG nº 3062

Jose Manuel García Paz
Arquitecto COAG nº 5053

CONTIDO DO PROXECTO:

- I MEMORIA**
- II PLANOS**
- III PREGO DE CONDICIÓN**
- IV ORZAMENTO**



**Concello de
Covelo**

EXCMO. CONCELLO DE COVELO

EQUIPO REDACTOR:

ARÁNZAZU PAZ LÓPEZ
JOSE MANUEL GARCÍA PAZ

COLABORADORES:

IAGO FERNÁNDEZ PUENTES
MARCOS PÉREZ CACHAFEIRO

I MEMORIA

M

Memoria xeral
descritiva da
proposta

M.1 ÁMBITO E ANTECEDENTES

M.2 CONDICIÓNS URBANÍSTICAS

DESCRICIÓN XERAL DA PROPOSTA

CARTOGRAFÍA E TOPOGRAFÍA.

ACONDICIONAMENTO DO TERREO.

PAVIMENTOS.

XARDINERÍA.

PECHES, DEFENSAS E MOBILIARIO URBANO.

ADECUACIÓN PAISAXÍSTICA E INTEGRACIÓN AMBIENTAL

INSTALACIÓNS URBANAS.

CUMPRIMENTO DE ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS
ARQUITECTÓNICAS

PLAN DE CONTROL DA CALIDADE

CONTROL MEDIOAMBIENTAL

ESTUDIO XEOTÉCNICO

ESTUDIO DE XESTIÓN DE REFUGALLOS

ESTUDIO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE

PLAN DE OBRA

DECLARACIÓN DE OBRA COMPLETA E PRAZO DE GARANTÍA

XUSTIFICACIÓN DE PREZOS

CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN

II PLANOS

Escala

ESTADO ACTUAL

EA01	SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO	e: 1/500
EA02	ANÁLISE E REPORTAXE FOTOGRÁFICA	e: 1/500
EA03	TOPOGRAFÍA. FOTOGAMETRÍA TERRESTRE, NUBES DE PUNTOS E PERFIL LONXITUDINAL	e: 1/250
EA04	LEVANTAMENTO GRÁFICO. ELEMENTOS INVENTARIADOS. DETALLE.	e: 1/50

PROPOSTA DE INTERVENCIÓN

EP01	PLANTA XERAL E MEMORIA DE INTENCIÓNS	E: 1/500
EP02	PLANTA XERAL. DETALLE. 1 de 2	e: 1/150
EP03	PLANTA XERAL. DETALLE. 2 de 2	e: 1/150
EP04	SECCIÓNS XERAIS DA INTERVENCIÓN	e: 1/200
EP05	SECCIÓN DETALLADA E SERVIZOS BAIXO BEIRARRÚA	e: 1/100
EP06	DETALLES DE URBANIZACIÓN	e: 1/40
EP07	PAVIMENTACIÓN E TRATAMENTOS SUPERFICIAIS	e: 1/250
EP08	INSTALACIÓNS URBANAS: ABASTECEMENTO, PLUVIAIS, ELECTRICIDADE E ALUMEADO PÚBLICO	e: 1/250
EP09	MOBILIARIO URBANO E XARDINERÍA	e: 1/250
EP10	TRÁFICO E SINALIZACIÓN	e: 1/250
EP11	MOVEMENTO DE TERRAS E DEMOLICIÓNS	e: 1/250
EP12	SEGURIDADE E SAÚDE. XESTIÓN DE RESIDUOS	e: 1/250

III PREGO DE CONDICIÓN

Nº pax.

P

PREGO DE CONDICIÓN PARTICULARES DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN

IV ORZAMENTO

Nº pax.

O	01	MEDICIÓN
Orzamento	02	CADRO DE PREZOS Nº 1
	03	CADRO DE PREZOS Nº 2
	04	ORZAMENTO
	04	RESUMO DE ORZAMENTO

MEMORIA



Concello de
Covelo

**PROXECTO DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE E HUMANIZACIÓN DE
PRAZA E CAMIÑO DE A HERMIDA**

A Ermida. 36872 COVELO, PONTEVEDRA

MARZO 2023

Documento refundido de proposta

ÍNDICE

1. ÁMBITO E ANTECEDENTES.....	2
2. CONDICIÓN S URBANÍSTICAS.....	4
2.1. NORMATIVA MUNICIPAL.....	4
2.2. AFECCIÓN S SECTORIAIS.....	5
3. DESCRICIÓN XERAL DA PROPOSTA.....	6
3.1. OBXECTIVOS E DESCRICIÓN XERAL DA PROPOSTA.....	6
3.2. INCREMENTO DA SUPERFICIE DISPOÑIBLE PARA OS PEÓN S NA PROPOSTA.....	8
3.3. XUSTIFICACIÓN DE CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DA REDE DE CONCELLOS ÁGORA POLO ESPAZO PÚBLICO.....	9
4. CARTOGRAFÍA E TOPOGRAFÍA.....	10
5. ACONDICIONAMENTO DO TERREO.....	11
6. PAVIMENTOS.....	11
7. XARDINERÍA.....	11
8. PECHES, DEFENSAS E MOBILIARIO URBANO.....	12
8.1. DEFENSAS.....	12
8.2. MOBILIARIO.....	12
9. ADECUACIÓN PAISAXÍSTICA E INTEGRACIÓN AMBIENTAL.....	13
10. INSTALACIÓN S URBANAS.....	14
10.1. INSTALACIÓN DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO.....	14
10.2. ELECTRICIDADE.....	14
10.3. ILUMINACIÓN URBANA.....	14
10.4. TELEFONÍA E TELECOMUNICACIÓN S.....	14
11. CUMPRIMENTO DE ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS.....	15
12. PLAN DE CONTROL DE CALIDADE.....	17
13. CONTROL MEDIOAMBIENTAL.....	17
14. ESTUDIO XEOTÉCNICO.....	18
15. ESTUDIO DE XESTIÓN DE REFUGALLOS.....	19
16. ESTUDO BÁSICO DE SEGURIDADE E SAÚDE.....	24
17. PLAN DE OBRA.....	48
18. DECLARACIÓN DE OBRA COMPLETA E PRAZO DE GARANTÍA.....	51
19. XUSTIFICACIÓN DE PREZOS.....	51
20. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA.....	52
21. ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN.....	53

M.1

ANTECEDENTES E OBXECTIVOS

1. ÁMBITO E ANTECEDENTES

No concello de Covelo atopamos a parroquia de Santiago de Covelo, que inclúe á capital do Concello. Circulando dende a capital a estrada PO-261 en dirección norte, chegamos en pouco máis de 1 km ao núcleo de A Hermida, á beira da estrada mencionada. Polo tanto, é un núcleo rural que se atopa a unha distancia peonil de entre 15 e 20 minutos de andaina, camiñando dende a capital.

O Concello de Covelo está adherido á Rede de Concellos ÁGORA polo espazo público da Deputación de Pontevedra, polo seu compromiso cos principios que defenden o espazo público como escenario natural da vida veciñal, de protagonismo peonil, fomentando políticas de recuperación para o peón dos espazos apropiados polo tráfico rodado, de xeito seguro, accesible, fomentando o comercio de proximidade e a mellora da calidade urbana e ambiental. O Concello, seguindo os valores anteriormente citados, propón o acondicionamento do espazo urbano xerado no núcleo da Hermida, disposto á beira da estrada PO-261, e do que parte un camiño que dá acceso ás vivendas do entorno e ao museo etnográfico do Pazo da Cruz.

O centro de actividade do núcleo se sitúa a carón da estrada. Falamos dun cruce de camiños que xenera un espazo público libre de edificación que se entende como a praza do conxunto. Nesta praza existen dous elementos inventariados no PXOM de O Covelo: un cruceiro e un palco de pedra, que presiden o espazo, e que tamén está atravesado por un vial que conduce ao Pazo da Cruz (museo etnográfico frecuentemente visitado no verán).

Este espazo público presenta actualmente una serie de problemáticas, relacionadas co seu deseño e co seu estado de conservación. Dende o punto de vista do deseño, atopamos encontros entre pendentes de camiños que non están adecuadamente resoltos, provocando chanzos, desniveis acusados e acordos en curva que son incómodos para o normal uso deste espazo. Pódese observar tamén unha falta de ordenación nos usos do mesmo, polo que é corrente atopar coches aparcados ao carón do palco, do cruceiro, ou dificultando o acceso ao parque infantil. O principal problema que presenta o espazo é estar atravesado polo viario que une a estrada principal coa Casa Museo Pazo da Cruz, de considerable tráfico sobre todo no período estival.

Paisaxísticamente, o espazo está conformado por unha explanada con problemas de estado de conservación e fallas de discontinuidade no seu rasanteo, causa directa de fochancas, estancamento de pluviais e fallas en xeral no pavimento de aglomerado asfáltico que desmerece o entorno, sobre todo as edificacións tradicionais que presiden a praza. No entorno atopamos tamén a presenza desvirtuante de numerosas instalacións, entre as que destaca a presenza

dunha torre de alta tensión e o cableado aéreo que atravesa o espazo.

Os principais aspectos nos que se presentan oportunidades de mellora do entorno son os seguintes:

- dar resposta ao mal estado e envellecemento de zonas de pavimento, deseñando novos pavimentos con materiais e deseño que se integren coas edificacións tradicionais do entorno, de alto interese.
- procurar ofrecer solucións de ordenación de usos no espazo público
- mellorar a accesibilidade da praza, limitando ou eliminando chanzos e executando un pavimento cun correcto drenaxe da auga da choiva.
- Protexer os espazos de uso exclusivo dos peóns e usuarios do espazo público respecto ao paso de vehículos, e limitar ou eliminar o aparcamento aínda que sexa temporal no contorno delimitado da praza preto do palco e cruceiro.

A intención da proposta é aproveitar unha oportunidade para a mellora deste entorno, e así poñer en valor o mesmo cunha intervención de carácter marcadamente peonil, buscando unha posta en valor paisaxística urbana, con materiais axeitados ao entorno, e a busca dun deseño de plataforma única que contribúa ao goce do espazo común para atraer actividade e dar servizo a calquera necesidade e proposta cultural que os veciños teñan a ben propoñer no seu núcleo.


O obxecto principal da proposta será a **POSTA EN VALOR E A MELLORA DA ACCESIBILIDADE E HUMANIZACIÓN DA PRAZA E CAMIÑO DA HERMIDA**, procurando unha mellora das características ambientais e estéticas do espazo e paisaxe pública, con materiais axeitados ao entorno, e a busca dun deseño que contribúa ao gozo do espazo común para atraer actividade e dar servizo a calquera necesidade e proposta que os veciños teñan a ben propoñer no seu núcleo.

2. CONDICIÓN S URBANÍSTICAS.

A área de actuación deste proxecto atópase situada nas coordenadas ETRS89 UTM 553071.04 m E e 4676572.19 m N da zona 29 T, dentro do conxunto do núcleo de A Ermida. Segundo o levantamento topográfico realizado para este proxecto, a área de actuación é a grafada nos planos, de 926,50 m² de superficie de actuación.

2.1. NORMATIVA MUNICIPAL

O planeamento municipal vixente no Concello de Covelo é o **PXOM de 1999**. O núcleo de A Hermida aparece localizado nos planos de ordenación do termo municipal a escala 1/5.000 na folla o-3 22 “NÚCLEOS DE POBLACIÓN: DE SUELO URBANO Y NÚCLEOS RURALES” identificado como núcleo número 47.



O entorno de actuación aparece clasificado como **SOLO DE NÚCLEOS RURAIS**, con condicións de edificación, tipoloxías e volumetrías definidas polo disposto na **ordenanza nº 5** do planeamento municipal.

2.2. AFECCIÓNS SECTORIAIS

1. A **estrada** con denominación actual **PO-261** e que discorre paralela ao ámbito de actuación é de **TITULARIDADE AUTONÓMICA**, e polo tanto, calquera proxecto incluído no ámbito de afección da mesma necesita da preceptiva **autorización previa do servizo provincial de Pontevedra da Axencia Galega de Infraestruturas, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**.

O 17 de xaneiro de 2022 se solicita a autorización correspondente, sendo recibida a RESOLUCIÓN FAVORABLE con data do 28 de febreiro de 2022, co compromiso de comunicar o inicio das obras cunha antelación mínima de sete (7) días, así como de executar o proxecto conforme ao documento presentado e no prazo máximo dun ano.

Sínálase na autorización o deber de dispor dun sinal de stop no cruzamento coa estrada, que en base ao proxecto finalmente licitado resulta innecesario dado que o proxecto prescribe unha dirección única en sentido de entrada na praza dende a estrada, polo que non existe a posibilidade normativa de incorporación á estrada dende a praza.

2. O Inventario do Patrimonio Municipal de Covelo aporta descrición e fichas dispoñibles do cruceiro presenta na praza e do seu entorno. Segundo esta documentación, o Cruceiro data de 1860. Forma conxunto cun palco de música que se sitúa na proximidade. Sínálase na actualización do Inventario, tamén achegado, a presenza dun terceiro cruceiro na praza, datado no 2006, que foi desprazado en data non determinada a outro punto próximo dentro do propio núcleo de A Ermida. Considérase que, dado que o Cruceiro que actualmente preside o espazo público está datado no 1860, e polo tanto é **ben de interese cultural**, polo que é preceptivo á **autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural**.

Solicítase autorización á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, na súa Delegación de Pontevedra para a realización das obras de mellora e humanización da praza e camiño en A Hermida. Con data de 8 de marzo de 2022 emítase un requirimento de documentación a fin de evidenciar a condición de BIC do cruceiro presente na praza, así como se sinalan criterios de intervención no espazo, propoñendo o uso de **pavimento de formigón gris** na actuación a fin de que non resulte alleo no entorno, punto que se incorpora neste proxecto final.

Con data de 4 de maio de 2022, emítase RESOLUCIÓN FAVORABLE ao proxecto, coa condición de eliminar no proxecto “as franxas compositivas realizadas no pavimento no entorno do cruceiro e palco de música, cando menos ata o vial que divide a praza, e solucionando a evacuación das augas no tratamento das pendentes da praza”, punto que se incorpora ao deseño final proposto neste documento refundido.

M.2

DESCRICIÓN XERAL DA PROPOSTA

3. DESCRICIÓN XERAL DA PROPOSTA

3.1. OBXECTIVOS E DESCRICIÓN XERAL DA PROPOSTA

A actuación proxectada promove a recuperación para o peón deste ámbito de importante interese patrimonial e paisaxístico, acondicionando o conxunto da actual praza, dominada polo aglomerado asfáltico e empregado como aparcadoiro. O espazo goza actualmente de dous elementos patrimoniais de natureza etnográfica catalogados polo Concello de Covelo: o cruceiro que preside a praza e un palco de música de pedra. O entorno arquitectónico tradicional aporta valor á imaxe paisaxística urbana do núcleo. O espazo está atravesado por un camiño que une o Pazo da Cruz, Museo Etnográfico de considerable público no período estival, coa estrada PO-261, un dos principais eixos de comunicación do Concello.

Proponse unha intervención integral que procura facer accesible o conxunto do espazo público, priorizando a peonalización do espazo e a eliminación de barreiras. Deséñase unha **plataforma única**, apta para os diferentes usos propios destes espazos urbanizados no rural: paseos, festas, eventos, xuntanzas, así como lecer en xeral, que se integre e interconecte todos os elementos edificados que conforman o núcleo, e que actúe coma **elemento dinamizador** da vida dos habitantes do entorno así como dos visitantes que se acerquen a desfrutar do espazo. Redúcese a superficie permitida para o tráfico rodado, e límitase o mesmo aos residentes do entorno para o acceso ás súas vivendas.

Aproveitase unha intervención anterior realizada no entorno do cruceiro, onde se dispuxo un pavimento de lastro de granito que delimitaba unha contorna de protección ao redor do cruceiro existente. A proposta continua con este deseño e propón esta tipoloxía de pavimento no resto da praza, delimitando usos para os peóns e delimitando o viario restrinxido para residentes que atravesa a praza mediante un deseño que dispón franxas de lousa de granito. Elimínanse as barreiras e chanzos na explanada, polo que se traballa minimamente a topografía final do espazo para acadar unha correcta evacuación da auga de choiva e a drenaxe, mediante disposición de bordos raseados e caces que eviten a creación de balsas de auga no espazo público. Propóñense para a intervención o emprego de pavimentos brandos, que se consideran acordes co carácter rural e paisaxístico da zona de intervención. Con carácter xeral, os pavimentos empregados son de pedra e lastro, co uso limitado de soleiras de formigón coloreado e alisado no viario de acceso ao Pazo da Cruz, con franxas delimitadoras de lousas de granito entre panos de lastro ou formigón.

Priorízase o emprego de pavimentos flexibles no entorno da praza sobre cama de grava, tales como lastros de granito silvestre, con zonas delimitadas e contidas por franxas de lousas de pedra, mentres que no camiño do Pazo da Cruz, deseñado como viario de coexistencia de tráfico, se potencia o emprego de formigón liso. O deseño do novo espazo propón a colocación de novo mobiliario, tales como bancos, papeleiras e instalación dunha fonte que substitúe un cano de auga existente no muro de contención que delimita a plataforma da praza coa estrada.

O deseño final contempla as indicacións suxeridas pola Delegación territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no tocante ao emprego de pavimento de formigón gris e á ausencia de franxas compositivas no entorno do cruceiro e palco de música, limitándose os bordos neste área ao imprescindible dende o punto de vista construtivo para favorecer a contención dos panos de lastros e favorecer o futuro mantemento do pavimento.

Deséñase unha plataforma única, apta para os diferentes usos propios destes espazos urbanizados no rural: paseos, festas, eventos, xuntanzas, así como lecer en xeral, que se integre e interconecte todos os elementos edificados que conforman o núcleo, e que actúe coma elemento dinamizador da vida dos habitantes do entorno así como dos visitantes que se acerquen a desfrutar do espazo. O tráfico na praza límitase ao vial reservado na praza coma rúa residencial de prioridade peonil, e polo tanto limitado en velocidade a 20 km/h.

En síntese, a actuación propón actuacións de adecuación e mellora nos seguintes elementos:

1. Pavimentación da Praza e o Camiño do Pazo da Cruz.

O estado da pavimentación existente da praza, realizado con aglomerado asfáltico, presenta un mal estado, con fallas, fochancas, parcheados e materiais que non respectan nin se integran co restos dos elementos que conforman esteticamente o espazo da praza e o camiño que conduce ao Pazo da Cruz.

A proposta continua co deseño realizado nunha intervención anterior no entorno do cruceiro, de pavimento de lastro de granito, e propón este pavimento no resto da praza, delimitando usos e o viario que atravesa o espazo mediante un deseño que dispón franxas de lousa de granito que delimita espazos por usos. Adicionalmente, se adecúa a topografía final do espazo para acadar unha correcta evacuación da auga de choiva, coidando as pendente de drenaxe do espazo e a disposición de bordos raseados e cazes que dirixen as augas ata os sumidoiros e se evitan a creación de balsas de auga no espazo público.

2. Pre-instalación de gabias e tubaxes de instalacións.

A elevada presenza de cableado aéreo na zona invita a prever a disposición dunha pre-instalación de instalacións para efectuar o soterramento do cableado presente no entorno da praza, que unha vez executado, mellorará drasticamente a imaxe da paisaxe urbana do núcleo.

3. Comunicación coa rede viaria principal.

A conexión dende a estrada PO-261 é complicada debido ao xiro que hai que realizar para acceder a ela cando se ven dende a capital do concello, sen descoidar que existe un problema topográfico localizado neste acceso á praza, onde conflúe a mencionada estrada e un camiño de acceso á parte superior do núcleo da Hermida, formando un acordo entre pendentes e cotas que precisan resolverse con chanzos e rasantes inclinadas. Proponse separar o acceso á praza do camiño antes mencionado, movendo lixeiramente a fronte de acceso á praza do camiño á Hermida. Deséñase un xiro de acceso máis amable para o vehículo que proceda de Covelo, ao mesmo tempo que a separación co camiño veciño que conforma o cruzamento múltiple no linde norte do ámbito supón unha mellora na seguridade vial. Adicionalmente, determinase a praza coma de sentido único en dirección ao Pazo de Cruz, polo que non se permite a posibilidade de incorporación dende a mesma á estrada, co fin de permitir o tráfico só a residentes e mellorar a seguridade do cruzamento e o ámbito, de carácter marcadamente peonil.

O tráfico na praza limitase no sentido de entrada dende a estrada PO-261, determinando o vial reservado na praza coma rúa residencial de prioridade peonil e polo tanto limitada en velocidade a 20 km/h.

3.2. INCREMENTO DA SUPERFICIE DISPOÑIBLE PARA OS PEÓNS NA PROPOSTA

As actuacións propostas supoñen, a maiores da mellora no valor paisaxístico, mobilidade e accesibilidade do espazo actual, un incremento notable da superficie exclusiva peonil delimitada do entorno, que cumpre sobradamente os requisitos descritos no Plan Ágora. O espazo actual ten actualmente un carácter de espazo de servizo da estrada PO-261, empregado para cambios de xiros, aparcadoiro e atallo, no que os peóns dispoñen só dunha franxa sen protección nas beiras. O Concello de Covelo se compromete expresamente a cumprir ditos requisitos na redacción do proxecto que se presenta neste documento de proposta. Xustifícase a continuación o cumprimento das superficies postas a disposición para os veciños.

	ESTADO ACTUAL	ESTADO PROPOSTO	AUMENTO SUP. PEONIL (m ²)	AUMENTO SUP. PEONIL (%)
ÁMBITO DE ACTUACIÓN	926,50 m²			
TRÁFICO RODADO	916,06 m ²	0,00 m ²		
ÁREAS VERDES	10,44 m ²	15,75 m ²		
ÁREA PEONIL	69,00 m ²	375,25 m ²		
TRÁFICO DE COEXISTENCIA*	0,00 m ²	535,50 m ²		
TOTAL DE SUPERFICIE PEONIL	79,44 m ²	926,50 m ²	847,06	1066,29%

*O tráfico de coexistencia contemplado é de exclusivo acceso aos residentes, polo que estas zonas se contabilizan como de uso xeral e maioritario peonil.

A superficie peonil proposta de nova creación neste proxecto é de 847,06 m², o que supón un incremento na mesma do 1066,29%, incluíndo nesta superficie os 535,50 m² de plataforma única con tráfico rodado restrinxido aos residentes do entorno.

3.3. XUSTIFICACIÓN DE CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DA REDE DE CONCELLOS ÁGORA POLO ESPAZO PÚBLICO

O proxecto obxecto deste documento de proposta redactarase de xeito que se adaptará integramente aos principios da REDE ÁGORA DE CONCELLOS POLO ESPAZO PÚBLICO.

As actuacións propostas prescribe un emprego maioritario peonil do espazo público existente, eliminando barreiras arquitectónicas e promovendo unha mellora ambiental, sostible e paisaxística do núcleo da Hermida. O tráfico existente e que atravesa o espazo non se pode eliminar totalmente, polo que se limita o seu uso aos residentes. Téntase garantir deste xeito un cambio de prioridade na mobilidade, outorgando o protagonismo ao peón en detrimento do vehículo.

O proxecto estará comprometido co cumprimento das garantías de accesibilidade universal, en cumprimento da lexislación existente, así coma nos preceptos da *Guía básica de espazos públicos e mobilidade amable da Deputación de Pontevedra*.

A limitación do tráfico rodado facilitará o emprego da praza polos veciños, principalmente para as nenas e nenos da veciñanza, para as súas actividades de lecer, ocio e cultura. Téntase mediante esta intervención ofertar aos residentes un espazo amplo, seguro e ben iluminado, con posibilidades para a práctica de actividades saudables e a celebración de eventos que melloren a cohesión social e fortaleza a comunidade. Estes eventos e posibilidades deberían ter coma consecuencia un impacto positivo na imaxe e atractivo do núcleo, o que se pode traducir en aumento de visitantes e incremento do comercio local.

4. CARTOGRAFÍA E TOPOGRAFÍA

A cartografía de traballo foi elaborada especificamente para a realización deste traballo, empregando técnicas topográficas e fotogramétricas terrestres, dado que a cartografía existente non tiña unha definición nin detalle adecuado para a realización do proxecto.



Axonometría da nube de puntos obtida por fotogrametría terrestre

O resultado do levantamento se inclúe nos planos deste documento.

A delimitación do entorno de actuación presenta unha topografía de pendente tendente a plana, con pequenos peraltes de drenaxe de pluviais que conducen as pluviais aos sumidoiros e canais de pluviais existentes tanto na praza como no camiño do Pazo da Cruz.

5. ACONDICIONAMENTO DO TERREO

Non se consideran movementos de terras de consideración na proposta.

As actuacións sobre a topografía existente se limitan exclusivamente ao imprescindible, centrado principalmente en permitir acordos e rasantes accesibles nas zonas delimitadas do ámbito, para mellorar cruces, accesos rodados e procurar percorridos adaptados. No acceso dende a estrada á praza, se realizará unha nivelación para permitir o novo acceso rodado á mesma, eliminando noiros e discontinuidades.

6. PAVIMENTOS

Coma estratexia xeral, se prescriben no proxecto pavimentos brandos, que se consideran acordos co carácter rural e paisaxístico da zona de intervención. Aparecen descritos e grafados nos planos correspondentes. Os pavimentos empregados son de pedra e lastro, co uso limitado de soleiras de formigón coloreado e alisado no viario de acceso ao Pazo da Cruz, delimitados os diferentes panos mediante franxas delimitadoras executadas con lousas de granito.

En todo caso, priorízase o emprego de pavimentos flexibles no entorno da praza sobre cama de grava, tales como lastros de granito silvestre, con zonas delimitadas e contidas por franxas de lousas de pedra, mentres que no camiño do Pazo da Cruz se potencia o emprego de formigón coloreado e alisado.

Os diferentes tipos de pavimento presentes no proxecto son os seguintes:

1. Pavimento de lastros de granito silvestre, corte de canteira, de 7x7x7 cm, sentados sobre capa de morteiro de cemento e grixo.
2. Pavimento de lastros de granito gris, corte de canteira, de 10x10x10 cm, sentados sobre capa de morteiro de cemento e grixo.
3. Pavimento de lexas escuadradas de pedra de granito silvestre, flameado, de 8 cm. de espesor, sentadas con morteiro de cemento sobre base existente de formigón.
4. Pavimento continuo de formigón de 10 cm de espesor.

7. XARDINERÍA

O entorno da praza dispón de arborado e vexetación, onde se poden atopar actualmente exemplares de *Salix Babylonica*, que se respectan. Non se considera necesario aumentar a dotación neste apartado.

8. PECHES, DEFENSAS E MOBILIARIO URBANO

8.1. DEFENSAS

A praza necesita de defensas (varandas) na zona do muro que delimita a praza da estrada, e que protexe de caídas fronte ao desnivel entre estes dous elementos.

Considérase necesario dispoñer unha nova varanda, de deseño integrado coa proposta e que impida aos cativos rubir polos barrotes, realizada con platina maciza de 40x5 mm en todo o seu contorno, barrotes verticais con tubo de aceiro de diámetro 16 mm separados cada 14 cm entre eixos e platinas de 40x5 mm dispostas en sentido perpendicular para a súa fixación cada 3 metros.

8.2. MOBILIARIO

O proxecto propón a ampliación do mobiliario existente tradicional de pedra, que será retirado, almacenado en obra e posto de novo no seu lugar orixinal, coa colocación de novo mobiliario no ámbito, tales como bancos, papeleiras e á instalación dunha nova fonte que substitúe unha instalación de auga existente fixada no muro de contención que delimita a plataforma da praza cara á estrada.

Os bancos elixidos son pezas de granito silvestre escuadrado e de 250x45x45 cm, acompañados por papeleiras de fundición.

Para a fonte, escollese un elemento de fundición que se conectará á instalación de fonte existente, permitindo o dispor de auga potable na praza, así como se acondiciona e sanea a billa existente que se atopa na furna que da fronte á estrada.

9. ADECUACIÓN PAISAXÍSTICA E INTEGRACIÓN AMBIENTAL

As intervencións propostas están encamiñadas en acadar o mínimo impacto no entorno existente, ordenando, clarificando e aportando novas posibilidades de actividades públicas, respectuosas co medio ambiente, e sostibles no tempo.

Non se efectúan movementos de terra de consideración. Se empregan materias de escaso impacto ambiental e de deseño acorde co entorno construído, primando no deseño o emprego de materiais pétreos na execución do pavimento. O mobiliario escollido é tamén de natureza granítica, cunha iluminación integrada de tipo LED de alta eficiencia enerxética.

No relativo ao cumprimento do artigo 216 do D. 143/2016, Regulamento da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, declárase xustificadamente que a presente proposta cumpre cos requisitos de deseño para adaptarse ao seu entorno inmediato e de protección da paisaxe.

1. O uso destinado adaptase ás características naturais e culturais do entorno, así coma pretende respectar os seus valores, sen diverxencias ou estridencias cos usos e tipoloxías edificatorias próximas.
2. Enténdese que as instalacións proxectadas se adapta ao ambiente no que están situadas e, a tal efecto, cumpren co disposto no artigo 91 da LSG onde se establecen con carácter xeral e con independencia da clasificación do solo, normas de aplicación directa que se cumpren no deseño arquitectónico e urbano (apartados b, c, d e e do artigo 91 da LSG)
3. Nos lugares de paisaxe aberta e natural, e nas perspectivas que ofrezan os conxuntos urbanos de características histórica e tradicionais, así coma nas inmediacións das estradas e camiños de traxecto pintoresco non aparecen construcións proxectadas, muros, peches ou elementos que pola súa situación, masa ou altura, limiten o campo visual para contemplar as belezas naturais, rompan coa harmonía da paisaxe, desfiguren as perspectivas propias do mesmo e limiten ou impidan a contemplación do conxunto (artigo 91.b da LSG).
4. A tipoloxía das actuacións, materiais e cores empregadas favorecen a integración no entorno inmediato e na paisaxe (artigo 91.c da LSG)
5. As instalacións presentarán todos os seus paramentos exteriores totalmente terminados (artigo 91.d da LSG)
6. Non existe publicidade estática que por dimensións, emprazamento o cor non cumbran as anteriores prescricións (artigo 91,e da LSG).

10. INSTALACIÓNS URBANAS

10.1. INSTALACIÓN DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO

Non se contempla a actuación sobre a rede de abastecemento existente nin da rede de saneamento de residuais do entorno.

Contéplase unha solución da drenaxe das pluviais da nova praza, que obriga á execución dunha pequena rede local de recollida dos sumidoiros existentes e de nova creación, así coma das canles de auga de choiva actuais, para poder ser canalizadas apropiadamente e conexas coa rede municipal que discorre pola estrada principal. A conexión coa rede existente obriga á execución de dous novos pozos de saneamento de pluviais.

10.2. ELECTRICIDADE

Contéplase unha pre-instalación de gabias e tubaxes de instalacións eléctrica para soterramento da baixa tensión. A elevada presenza de cableado aéreo na zona invita a prever a disposición dunha pre-instalación para efectuar o soterramento do cableado presente no entorno da praza por parte da compañía subministradora do servizo, que unha vez executado, mellorará drasticamente a imaxe da paisaxe urbana do núcleo. A propia compañía aporta material e a execución será monitorizada para unha correcta recepción. Sinálase no informe previo aportada pola compañía que se aportará por parte da mesma as tubaxes ríxidas tipo SANECOR SN-8 necesarias, así como as tapas de fundición das arquetas, o cableado e os postes de conexión coa rede existente co fin de eliminar todo o cableado aéreo do ámbito de intervención. As vivendas do ámbito deberán instalar por parte dos propietarios unha CPM normalizada con base BUC previo ao soterramento, dado que os módulos antigos non son compatibles coa nova conexión e non poden ser incluídas no orzamento do proxecto dado que ditas caixas son de propiedade privada.

10.3. ILUMINACIÓN URBANA

Como achega á calidade do espazo público, inclúense no proxecto unha serie de 15 luminarias LED que apoian a natureza sostible da intervención urbanística e melloran a eficiencia enerxética dos equipamentos municipais. Se proxectan luminarias de distribución asimétrica e deseñadas para evitar a contaminación luminosa encaixadas nos bancos de pedra a situar na praza, con instalación de posta a terra debidamente conxionada.

10.4. TELEFONÍA E TELECOMUNICACIÓNS

Non se contempla no proxecto actuacións sobre a rede urbana existente de telefonía nin nas instalacións comunitarias de telecomunicacións.

11. CUMPRIMENTO DE ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS

Folla resumo do cumprimento do Decreto 35/2000 (D.O.G. 29.02.00) e a súa modificación Decreto 74/2013 (D.O.G. 22.05.13) en desenvolvemento da Lei 10/2014 de accesibilidade en Galicia

URBANIZACIÓN E REDES VIARIAS (os espazos de dominio ou uso público cumprán ademais a Orde VIV/561/2010)

CONCEPTO	PARÁMETRO	MEDIDAS SEGUNDO DECRETO		PROXECTO
		ADAPTADO	PRACTICABLE	
ITINERARIOS PEONÍS Base 1.1.1	ÁREAS DESENVOLVIDAS POR PLAN INTEGRAL	ANCHO LIBRE 1.80m (Con obstáculos puntuais 1.50m.)	ANCHO LIBRE 1.50m (Con obstáculos puntuais 1.20m.)	
	RESTO DE ÁREAS	ANCHO LIBRE 0,90m	ANCHO LIBRE 0,90m	
	PENDENTE MÁX. LONXITUDINAL	10%	12%	
	ALTURA MÍNIMA LIBRE DE OBSTÁCULOS	2,20m	2,10m	
ITINERARIOS MIXTOS Base 1.1.2	ANCHO MÍNIMO LIBRE DE OBSTÁCULOS	3,00m (Con obstáculos 2,50m)	2,50m (Con obstáculos 2,20m)	3,00 m
	PENDENTE MÁX. LONXITUDINAL	8%	10%	CUMPRE 8 %
	ALTURA MÍNIMA LIBRE DE OBSTÁCULOS	3,00m	2,20m	NP
PASOS PEONÍS PERPENDICULARES SENTIDO ITINERARIO Base 1.1.3 A	ÁREAS DESENVOLVIDAS POR PLAN	ANCHO LIBRE 1,80m	ANCHO LIBRE 1,50m	NP
	RESTO DE ÁREAS	ANCHO LIBRE 1,50m	ANCHO LIBRE 1,20m	>3,00m
	PENDENTE MÁX	12%	14%	<3,5%
	ANCHO LIBRE MÍNIMO BEIRARRÚAS	0,90m	0,90m	CUMPRE
PASOS PEONÍS SENTIDO DE ITINERARIO Base 1.1.3B	LONXITUDE MÍNIMA	1,50m	1,20m	
	ANCHO MÍNIMO	0,90m LIBRE MÁIS O ANCHO DO BORDO	0,90 m LIBRE MÁIS O ANCHO DO BORDO	
PASO DE VEHÍCULOS SOBRE BEIRARRÚAS Base 1.1.4	PERPENDICULAR A CALZADA	MÍNIMO 0,60m	MÍNIMO 0,60m	
	PASO LIBRE DE OBSTÁCULOS	MÍNIMO 0,90m	MÍNIMO 0,90m	
PASOS DE PEÓNIS Base 1.1.5	ÁREAS DESENVOLVIDAS POR PLAN	ANCHO LIBRE 1,80m	ANCHO LIBRE 1,50m	
	RESTO DE ÁREAS	ANCHO LIBRE 1,50m	ANCHO LIBRE 1,20m	

- Pendente transversal máxima en itinerarios peonís e mixtos do 2%. Resalte máximo entre pasos e calzada de 2 cm.

ESCALEIRAS Base 1.2.3	ANCHO MÍNIMO	1,20m	1,00m	
	DESCANSO MÍN	1,20m	1,00m	
	TRAMO SEN DESCANSO	O QUE SALVE UN DESNIVEL MÁXIMO DE 2,00 m	O QUE SALVE UN DESNIVEL MÁXIMO DE 2,50m	
	DESNIVELES DE 1 CHANZO	SALVADOS POR RAMPLA	CHANZO MÁXIMO DE 15cm	
	TABICA MÁX	0,17m	0,18m	
	DIMENSIÓN DA PEGADA	2T + H = 62-64 cm	2T + H = 62-64 cm	
	ESPACIOS BAIXO ESCALEIRAS	PECHADO Ou PROTExIDO SI ALTURA MENOR 2,20 m		
	PASAMÁNS	0,90-0,95 m RECOMENDÁNDOSE OUTRO A 0,65-0,70 m		
	ANCHO DA ESCALEIRA MAIOR A 3,00 m	VARANDA CENTRAL		
ILUMINACIÓN NOCTURNA ARTIFICIAL	MÍNIMO DE 10 LUX			
ESCAL. MECÁNICAS B1.2.5	ANCHO MÍNIMO	1,00m	1,00m	
RAMPLAS Base 1.2.4	ANCHO MÍNIMO	1,50m	1,20m	1,50m
	PENDENTE MÁX LONXITUDINAL (POR PROBLEMAS FÍSICOS PODERÁN INCREMENTARSE NUN 2%)	MENOR DE 3m = 10% ENTRE 3 E 10m = 8% MAIOR Ou IGUAL 10m = 6%	MENOR DE 3m = 12% ENTRE 3 E 10m = 10% MAIOR Ou IGUAL 10m = 8%	CUMPRE 8%
	PENDENTE MÁX TRANSVERSAL	2%	3%	CUMPRE 2%
	LONXITUDE MÁXIMA DE TRAMO	20m.	25m.	CUMPRE <10m
	DESCANSO MÍN. CON ANCHO O DA RAMPLA	LONXITUDE 1,50m	1,20m	NP
	XIROS A 90º	INSCRIBIR CÍRCULO DE 1,50m DE DIÁMETRO	INSCRIBIR CÍRCULO DE 1,20m DE DIÁMETRO	1,25m
	ESPAZO LIBRE A FINAL E INICIO DE RAMPLA	1,80 x 1,80m	1,50 x 1,50m	1,50 x 1,50m
	PROTECCIÓN LATERAL	DE 5 A 10 cm DE ALTURA EN LADOS LIBRES SOBRE O NIVEL DO CHAN		NP
	ESPAZO BAIXO RAMPLAS	PECHADO OU PROTExIDO SI ALTURA MENOR 2,20 m		NP
PASAMÁNS	0,90-0,95 m RECOMENDÁNDOSE OUTRO A 0,65-0,70 m		NP	
ILUMINACIÓN NOCTURNA ARTIFICIAL	MÍNIMO DE 10 LUX		CUMPRE	
BANDAS MECÁNICAS Base 1.2.7	ANCHO MÍNIMO	1,00m	1,00m	
	PENDENTE MÁX LONXITUDINAL	PENDENTE IGUAL QUE A DE ITINERARIO PEONIL CON MESETA DE 1,50 m DE ENTRADA E SAÍDA		

ASCENSORES Base 1.2.6 (mod.D 74/2013)	DIMENSIÓNS INTERIORES DE CABINA DUNHA SOA ENTRADA OU DUAS OPOSTAS	TIPO 1: (Carga max. 450 Kgs) 1.000 mm ANCHO x 1.250 mm PROF. TIPO 2: (Carga max. 630 Kgs) 1.000 mm ANCHO x 1.400 mm PROF. TIPO 3: (Carga max. 1.275 Kgs) 1.100 mm ANCHO x 1.400 mm PROF.		
	PORTAS	AUTOMÁTICAS E OPERAR CON ESCORREGAMENTO HORIZONTAL		
	VARANDA	CON VARANDA INTERIOR DE ALTURA = 0,90 m E 35 mm SEPARACIÓN CON PAREDE		
	MESETA DE SAÍDA	INSCRIBIR CÍRCULO 1,50 m DE DIÁMETRO LIBRE DE OBSTÁCULOS		
	BOTONEIRAS	ALTURA ENTRE 0,90 e 1,20 m SOBRE CHAN		
ASEOS EN PARQUES, XARDÍNS E ESPAZOS PÚBLICOS Base 1.5	DIMENSIÓNS ACHEGAMENTO	INSCRIBIR CÍRCULO d=1,50m 0,80m MÍNIMO	INSCRIBIR CÍRCULO d=1,20m 0,80m MÍNIMO	
	PORTAS	ANCHO LIBRE 0,80m	ANCHO LIBRE 0,80m	
	LAVABOS, BILLAS DE PRESIÓN OU PANCA	SEN PÉ, ALTURA 0,85m	SEN PÉ, ALTURA 0,90m	
	INODOROS CON BARRAS LATERAIS ABATIBLES POLO LADO DE APROXIMACIÓN	ALTURA 0,50m, Barras lateral. a 0,20m, e a 0,70m do chan	ALTURA 0,50m, Barras lateral. a 0,25m, e a 0,80m do chan	
APARCADOIROS Base 1.3	DIMENSION MÍNIMA EN RINGLEIRA	2,00-2,20 x 5,00m	2,00-2,20 x 5,00m	NP
	ESPAZO LIBRE LATERAL	1,50m	1,50m	NP
	DIMENSIÓN MÍNIMA TOTAL	3,50 x 5,00m	3,00 x 4,50m	NP
ELEMENTOS DE URBANIZACIÓN Base 1.2	PAVIMENTOS, DUROS E ANTIESCORREGADIZOS	RESALTE MÁX. 2cm.	RESALTE MÁX. 3cm.	CUMPRE 2 cm
	BORDOS, CANTO REDONDEADO	ALTURA MÁX 0,14m	ALTURA MÁX 0,16m	CUMPRE 2 cm
SINAIS E ELEMENTOS VERTICAIS Base 1.4.1	REIXAS	EN CUADRÍCULA, OCOS MENORES DE 2 cm		CUMPRE
	ALTURA MÍNIMA LIBRE	IGUAL OU MAIOR DE 2,20m	IGUAL Ou MAIOR DE 2,10m	NP
	ALTURA PULSADORES E MECANISMOS	ENTRE 1,20 E 0,90m	ENTRE 1,30E 0,80m	NP
	SITUACIÓN: PASO LIBRE EN BEIRARRÚAS	0,90m, 1,50m EN ÁREAS DESARROLL. POR PLAN		CUMPRE 1,00 m
OUTROS ELEMENTOS art.-11 Base 1.4.2	ALTURA PULSADORES E MECANISMOS	ENTRE 1,20-0,90m	ENTRE 1,30-0,80m	
	SITUACIÓN: PASO LIBRE EN BEIRARRÚAS	0,90m, 1,50m EN ÁREAS DESARROLL. POR PLAN	0,90m, 1,20m EN ÁREAS DESARROLL POR PLAN	
	ZONAS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO	MESETA A MÁX. 0,85m DE ALTURA, ANCHO MÍN. 0,80m	MESETA A MÁX. 0,90m DE ALTURA, ANCHO MÍN. 0,80m	

12. PLAN DE CONTROL DE CALIDADE

O presente proxecto cumprirá un plan de Control de recepción das materiais que interveñen na urbanización (bordos, baldosas, valados, fábricas, cerrallarías, etc...), por unidade recibida, indicando lugar de procedencia, fabricante, clasificación, características físicas, documentación técnica, comprobando a idoneidade tanto de proxecto así como da normativa de aplicación.

Para a realización do presente plan foi considerada normativa vixente. Asemade indícase que as características e requisitos que deberán cumprir os materiais e unidades obra integrantes do proxecto non reflectidas nos seguintes apartados do presente anexo están recollidas no Documento nº III. Prego de Prescricións Técnicas Particulares e cumprirá coma mínimos os ensaios descritos no capítulo correspondente do orzamento ou solicitados pola dirección facultativa.

13. CONTROL MEDIOAMBIENTAL

Durante a fase de obra se realizará un seguimento e emisión de informes do estado da calidade ambiental durante a completa execución das obras, informando sobre a vixilancia e **control medioambiental**, especialmente dirixida para a monitorización da prohibición de lavados e vertidos de materiais, terras ou pós que poidan directa ou indirectamente rematar nas canles e provocar turbidez ou enlodado de augas próximas.

14. ESTUDIO XEOTÉCNICO

Dado a que a natureza da obra é de ordenación dos usos a través dunha re-pavimentación sobre espazos públicos e estrada rematada, en uso e sen presenza de patoloxías estruturais, enténdese que nos atopamos dentro do suposto que a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, no seu artigo 233. *“Contenido de los proyectos y responsabilidad derivada de su elaboración”, punto 3, expón que “salvo que ello resulte incompatible con la naturaleza de la obra, el proyecto deberá incluir un estudio geotécnico de los terrenos sobre los que esta se va a ejecutar, así como los informes y estudios previos necesarios para la mejor determinación del objeto del contrato.”*

É por tanto que se entende se cumpre a NON OBRIGATORIEDADE de incluír un estudio xeotécnico para un proxecto desta natureza, máxime cando non se van a executar ningún tipo de estrutura nin base de pavimento que precise de capacidade estrutural.

En todo caso, se fixo unha investigación preliminar sobre o perfil xeolóxico e xeotécnico da parroquia tomando coma base a información do Mapa Xeolóxico de España (Folla nº 224, Ponteareas). Adicionalmente o área do entorno da actuación presenta numerosos noiros debido á súa topografía que permiten determinar un perfil xeotécnico da zona que se corresponde cun nivel de gneis e granitos non homoxéneos migmatíticos sobre o que se dispón un nivel superficial de depósitos superficiais detríticos, aluviais ou coluviais dun espesor medio de 50 cm e que non é apto dende o punto de vista de resistencia do terreo. Unha vez retirada esta capa vexetal, atopamos un substrato resistente de natureza asimilable á pétreo.

15. ESTUDIO DE XESTIÓN DE REFUGALLOS

Normativa de referencia:

Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición.

Orde MAM/304/2002 pola que se publican as operacións de valoración e eliminación de residuos e lista europea de residuos.

Das obrigacións desprendidas da Normativa anterior quedan excluídos os produtores e posuidores de residuos de construción e demolición de obras menores de construción e reparación domiciliaria, tendo en conta de que teñen a consideración de residuo urbano.

Contido do estudo:

- 1.1. Identificación dos residuos e estimación da cantidade, expresada en toneladas e m3 dos residuos da construción e demolición que se xerarán na obra codificados con arranxo á Orde MAM/304/2002.
- 1.2. Medidas para a prevención de residuos na obra obxecto do proxecto.
- 1.3. Operacións de reutilización, valoración ou eliminación a que se destinarán os residuos que se xerarán na obra.
- 1.4. Medidas para a separación de residuos.
- 1.5. Instalacións previstas para o almacenamento de residuos, manexo, separación e outras operacións.
- 1.6. Prego de prescricións técnicas particulares.
- 1.7. Valoración do custo previsto da xestión.

Identificación de la obra:

Proxecto	PROXECTO DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE E HUMANIZACIÓN DE PRAZA E CAMIÑO DE A HERMIDA
Situación	A Hermida s/n, 36872 COVELO, PONTEVEDRA
Promotor	CONCELLO DE COVELO
Proxectista/s	dsñ. Estudio de arquitectura e urbanismo. Alcalde Asunsolo 5,4º iz. 15007 A Coruña

15.1.1. Identificación dos residuos e estimación da cantidade

Segundo orde MAM/304/2002 e con arranxo á lista Europea de Residuos e de conformidade coa letra a) da Directiva 75/442/CEE e apartado 4 do artigo 1 da Directiva 91/689/CEE.

Os residuos sinalados con (*) consideraranse perigosos e terase en conta a Normativa específica para facer unha xustificación individualizada dos produtos perigosos.

Código	Descrición	m ³
08	Residuos da fabricación, formulación, distribución e utilización de revestimentos, adhesivos, selantes e tintas de impresión.	
08 01 11*	Residuos de pintura e verniz que conteñen disolventes orgánicos ou outras sustancias perigosas.	
08 01 12	Residuos de pintura e verniz distintos dos especificados en 08 01 11	
08 01 17*	Residuos do decapado ou eliminación de pintura e verniz que conteñen disolventes orgánicos ou outras sustancias perigosas.	
08 01 18	Residuos do decapado ou eliminación de pintura e verniz distintos dos especificados en 08 01 17	
15	Residuos de envases, absorbentes, trapos de limpeza, materiais de filtración e roupas de protección non especificados noutra categoría.	
15 01 01	Envases de papel e cartón.	
15 01 02	Envases de plástico.	
15 01 03	Envases de madeira.	
15 01 04	Envases metálicos.	
15 01 07	Envases de vidro.	
15 02 02*	Absorbentes, materiais de filtración, trapos de limpeza e roupas protectoras.	
17	Residuos da construción e demolición (incluída a terra escavada das zonas contaminadas)	
17 01 01	Formigón.	7,00
17 01 02	Ladrillos.	
17 01 03	Tellas e materiais cerámicos.	
17 01 06*	Mesturas ou fraccións separadas de formigón, ladrillos, tellas e materiais cerámicos que conteñen sustancias perigosas.	
17 02 01	Madeira.	
17 02 02	Vidro.	
17 02 03	Plástico.	
17 02 04*	Vidro, plástico e madeira que conteñen sustancias perigosas ou están contaminados por elas.	
17 03 01*	Mesturas bituminosas que conteñen alcatrán de hulla.	
17 03 02	Mesturas bituminosas distintas das especificadas en 17 03 01	42,00
17 03 03*	Alcatrán de hulla e produtos alcatranados	
17 04 01	Cobre, bronce, latón.	
17 04 02	Aluminio.	
17 04 03	Chumbo.	
17 04 04	Zinc.	
17 04 05	Ferro e aceiro.	

Código	Descrición	m ³
17 04 06	Estaño.	
17 04 07	Metais mesturados.	
17 04 09*	Residuos metálicos contaminados por sustancias perigosas.	
17 04 10*	Cables que conteñen hidrocarburos, alcatrán de hulla ou outras sustancias perigosas.	
17 04 11	Cables distintos de los especificados en 17 04 10	
17 06 01*	Materiais de illamento que conteñen amianto.	
17 06 03*	Outros materiais de illamento que consisten en, ou conteñen, sustancias perigosas.	
17 06 04	Materiais de illamento distintos dos especificados 17 06 01 e 17 06 03.	
17 06 05*	Materiais de construción que conteñen amianto (6).	
17 08 01*	Materiais a partir de xeso contaminado con sustancias perigosas.	
17 08 02	Materiais a partir de xeso distintos dos especificados en 17 08 01	
17 09 01*	Residuos de construción e demolición que conteñen mercurio.	
17 09 02	Residuos de construción e demolición que conteñen PCB (como selantes con PCB, revestimentos de chans a partir de resinas con PCB, dobres acristalamentos que conteñen PCB , condensadores que conteñen PCB).	
17 09 03*	Outros residuos de construción e demolición (incluídos os residuos mesturados) con sustancias perigosas.	
17 09 04	Residuos mesturados da construción e a demolición distintos dos especificados en 17 09 01, 17 09 02 e 17 09 03.	12,00

Estudios desenvolvidos polo ITeC sobre os residuos que xera unha obra actual executada mediante unha construción convencional, permitiron establecer os seguintes valores medios, nos que se fundamenta a cuantificación da presente obra para estimar as cantidades anteriores:

Fase	Cantidade estimada
estruturas	-
cerramentos	-
acabados	-

Trátase de prever de maneira “aproximada” a cantidade de materiais sobrantes, de residuos producidos.

15.1.2. Medidas para a prevención de residuos na obra obxecto do proxecto.

A maior parte dos residuos que se xeran na obra son de natureza non perigosa. Para este tipo de residuos non se prevé ningunha medida específica de prevención máis aló das que implican un manexo coidadoso.

Con respecto ás moderadas cantidades de residuos contaminantes ou perigosos, trataranse con precaución e preferiblemente retiraranse da obra a medida que se vaian empregando. O Construtor encargarse de almacenar separadamente estes residuos até a súa entrega ao xestor de residuos? correspondente e, no seu caso, especificará nos contratos a formalizar cos subcontratistas a obrigaón destes de retirar da obra todos os residuos xerados pola súa actividade, así como de responsabilizarse da súa xestión posterior.

15.1.3. Operacións de reutilización, valoración ou eliminación a que se destinarán os residuos que se xerarán na obra.

O xestor autorizado de RCD pode orientar e aconsellar sobre os tipos de residuos e a forma de xestión máis adecuada. Pode indicarnos se existen posibilidades de reciclaxe e reutilización en orixe. Segundo o anexo I da Orde MAM/304/2002 sobre residuos, considéranse as seguintes operacións de conformidade coa Decisión 96/35/CE relativa aos residuos. Na táboa indícase se as accións consideradas realizaranse ou non na presente obra:

Código	Operación	SI	NO
D	ELIMINACIÓN		
D 10	Incineración en terra		X
D 11	Incineración no mar		X
R	VALORIZACIÓN		
R 1	Utilización principal como combustible ou como outro medio de xerar enerxía		X
R 4	Reciclado ou recuperación de metais e de compostos metálicos		X
R 10	Tratamento de solos, producindo un beneficio á agricultura ou unha mellora ecolóxica dos mesmos		X

Na táboa que segue indícanse se as accións de REUTILIZACIÓN consideradas realizaranse ou non na presente obra:

Destino	Operación	SI	NO
	REUTILIZACIÓN		
